

1. Oratoria e retórica: definición e breve repaso da súa historia.

A **oratoria** é a arte de falar ben. O obxectivo dun bo orador é persuadir, deleitar e conmover (*docere, delectare, movere*).

A orixe deste xénero literario remonta ao s. V a.C., momento no que a democracia ateniense estaba no seu apoxeo e a oratoria era necesaria e decisiva para o éxito político e persoal. A oratoria desenvolveuse no contexto do dereito, pois todos os cidadáns gregos tiñan o dereito de defenderse ante un tribunal, e no contexto político, xa que todos os cidadáns podían intervir na asemblea. Ademais, no seu desenvolvemento tiveron gran relevancia os sofistas, “mestres da elocuencia”, que recorreron as rúas de Atenas a partir do s. V a.C.

A República romana tamén foi propicia para a oratoria polas características do seu sistema político e xudicial, dado que o dominio da palabra era imprescindible para triunfar no foro, xa fose como avogado ou como político.

Para lograr ser un bo orador, había que ter uns determinados coñecementos e dominar unhas regras concretas sobre tipos de discursos, partes do discurso, recursos retóricos, etc. O conxunto destas regras e principios é a **retórica**.

Os primeiros oradores romanos tiñan o que Quintiliano (s. I d.C.) chamaba elocuencia natural, é dicir, a capacidade de falar ben sen ter feito exercicios preparatorios nin ter estudiado as regras para compoñer un bo discurso. A frase atribuída a Catón (s. III-II a.C.) *Rem tene, verba sequentur* (“Domina o asunto, as palabras seguirán”) representa ben este tipo de oratoria.

Despois, cando Roma conquista a Magna Grecia e entra en contacto coa cultura grega (s. III a.C.), comeza a sentir a necesidade de coñecer e de poñer en práctica as normas da retórica. Algunhas destas regras foron recollidas por Cicerón nos seus tratados de retórica (*Brutus, Orator, De oratore; vid. infra*), onde transcribe e adapta termos técnicos gregos. A intención de Cicerón era axudar á formación das novas xeracións de oradores.

Pouco despois de morrer Cicerón, o réxime republicano chegou ao seu fin en Roma e comezou o Imperio. Con el desapareceron as condicións que favoreceran o auxe da oratoria: a liberdade de expresión e a posibilidade de promoción política grazas ao dominio da arte da palabra. A partir deste momento en Roma a oratoria convértese en retórica, unha ciencia artificial e sometida a unhas normas escrupulosamente respectadas que todo alumno debe dominar. Para iso, os estudantes sometíanse a exercicios nos que os temas elixidos estaban moi afastados dos problemas reais. A maioría destes exercicios resultaban anacrónicos, artificiosos

e rebuscados (por exemplo, defender a inocencia de Helena no desencadeamento da guerra de Troia). De aí que Séneca o Mozo (s. I d.C.) chegase a afirmar: *Non vitae, sed scholae discimus* (“Non aprendemos para a vida, senón para a escola”).

A pesar de todo, da retórica imperial podemos destacar:

- As *controversiae* e as *suasoriae* do hispano Séneca o Vello (tamén coñecido como Séneca o Rétor), que son, respectivamente, discursos legais e deliberativos¹ que poden ser usados como modelos para a creación doutros discursos.
- Ao hispano Quintiliano, que desenvolveu unha importante carreira como avogado e mestre de retórica en Roma, e que escribiu a *Institutio Oratoria* (*Manual de oratoria*), unha gran obra na que recolle todo o necesario para formar a un orador e que propón a Cicerón como modelo a imitar. Como curiosidade, cabe sinalar que foi o primeiro rétor a quen o Estado retribuíu cun salario e que entre os seus alumnos tivo ao escritor Plinio o Mozo e ao emperador Adriano.
- A Tácito e o seu *Diálogo dos oradores*, unha obra sobre a arte da retórica.

2. Cicerón (106-43 a.C.)

2.1. Datos biográficos.

Marco Tulio Cicerón naceu en Arpino, pequena cidade do Lacio meridional. Foi político, orador, avogado, estudoso de retórica, filósofo e escritor. Era bo coñecedor e admirador da cultura grega que, nalgúns aspectos, adaptou e adecuou á tradición romana. Pertencía a unha familia de agricultores acomodada, que non tiña orixes patricias. Esta orixe rural, campesiña e non patricia de Cicerón explica algúns trazos da súa personalidade:

- O seu conservadurismo en cuestións de tradicións e de respecto aos costumes ancestrais (*mos maiorum*), que era moito máis vivo nas cidades campesiñas itálicas que en Roma.
- Era un *homo novus*, é dicir, unha persoa que comezara a súa carreira política sen ter na familia a ningún maxistrado. As posibilidades de éxito destes individuos eran escasas e foron poucos os que obtiveron o consulado. Así pois, Cicerón tivo que vencer a resistencia que a nobreza romana poñía ao desempeño das máis relevantes

¹ Os discursos legais pronúncianse ante un xuíz ou tribunal e os discursos deliberativos, ante unha asemblea.

maxistraturas por parte de alguén que non pertencese a esta clase social. Pero, tras pasar polas maxistraturas pertinentes do *cursus honorum*², chegou ao consulado e gañouse así o dereito a pertencer ao Senado de Roma. Nun gran número de discursos alude a este feito, manifestando o seu lexítimo orgullo e mostrando autocomplacencia.

A súa familia enviouno a Roma, onde frecuentou aos mellores oradores (a Marco Antonio e a Licinio Craso) e aos mellores xuristas (Q. Mucio Escévola) da época. A partir do ano 81 a.C. comezou a intervir con éxito como avogado e uns anos despois (79-77 a.C.) estivo en Atenas e en Rodas para “ampliar os seus estudos” de retórica e filosofía.

De volta en Roma, emprendeu o seu *cursus honorum* e no ano 63 a.C. alcanzou o consulado, durante o que reprimiu o intento de golpe de Estado de Catilina (*vid. infra*). Por esta razón, pasou a ser denominado *pater patriae* (“o pai da patria”).

Porén, a súa vida deu un xiro ao ser acusado de mandar executar ilicitamente aos conxurados. Este feito provocou o seu exilio en Dirraquio (actualmente Durrës, en Albania) durante máis dun ano (marzo do 58 a.C. - agosto do 57 a.C.). Tempo despois, no 49 a.C., estoupou a guerra civil entre César e Pompeio. Cicerón, como a maior parte do Senado, tomou parte por Pompeio, de modo que o triunfo de César na batalla de Farsalia (ano 48 a.C.) obrigouno a deixar a vida pública. Desde este momento ata o ano 43 a.C., no que Cicerón foi asasinado, viviu un produtivo retiro dedicado aos seus tratados de retórica e de filosofía. O seu asasinato foi un encargo de Marco Antonio, a quen Cicerón atacara en varios discursos ante o Senado posto que, tras a morte de Xulio César, vía nel un perigo para a República.

2.2. Obra oratoria.

Cicerón é o máximo expoñente da oratoria e da retórica en Roma, é dicir, é o máximo expoñente do “falar ben” tanto no seu aspecto práctico como teórico. Nel culmina unha longa tradición oratoria, desenvolta e perfeccionada durante a República en condicións de liberdade política. Os seus mestres foron Marco Antonio e Licinio Craso que, ao igual que a maioría de oradores anteriores a Cicerón, exerceron unha gran actividade na vida pública.

² O *cursus honorum* era a sucesión de cargos políticos desde a cuestura ata o consulado: cuestor (ocupábase das finanzas e do erario público), edil (mantiña a cidade en bo estado, ocupándose da seguridade, o abastecemento, os espectáculos...), pretor (impartía xustiza), cónsul (había dous e eran os xefes do Estado), censores (elaboraban o censo).

No século I a.C., favorecida polas convulsións sociais e políticas, a oratoria romana alcanzou a súa máis alta perfección. Eran dúas as correntes oratorias que se disputaban a primacía nesa época: o asianismo e o aticismo. Pois ben, Cicerón evoluciona e o seu estilo é cambiante. Os seus primeiros discursos mostran un estilo asiánico³ con frases longas e ampulosas. Na última fase detéctase o estilo aticista⁴. A gran maioría da súa obra, sen embargo, é de estilo rodio, que busca conciliar as posturas dos asiánicos e dos aticistas⁵.

Os discursos de Cicerón teñen un valor literario innegable, serviron de modelo para as escolas de retórica que proliferaron no século seguinte e formaron a humanistas e escritores de todas as épocas. Poden dividirse en dous grandes grupos:

- Discursos xudiciais: pronunciados ante un tribunal, tanto en calidade de avogado defensor como de avogado acusador. Os títulos dos discursos de defensa empezan coa preposición latina *pro* (“en defensa de, a favor de”). Como exemplos podemos citar *Pro Murena* (*En defensa de Murena*), *Pro Caelio* (*En defensa de Caelio*)... Os discursos de acusación comezan pola preposición latina *in* (“contra”): *In C. Verrem* (*Contra C. Verres*)...
- Discursos políticos: pronunciados no Senado ou no foro (e.g. as *Filípicas* e os discursos cesarianos; *vid. infra*).

Coméntanse a continuación algúns dos seus principais discursos:

- ***Pro Sexto Roscio Amerino* (*En defensa de Sexto Roscio de Ameria*; ano 79 a.C.):** Cicerón defendeu a Sexto Roscio, acusado de matar ao seu propio pai, un rico terratenente tamén chamado Sexto Roscio. Cicerón acusa do asasinato a outros homes que, supostamente, estaban en condicións de adquirir as propiedades do asasinado. Segundo Cicerón, o autor intelectual do crime fora Crisógono, liberto do ditador Sila. Esta intervención trouxo como consecuencias as represalias de Sila e Cicerón trasladouse un tempo a Grecia, onde estudou retórica e filosofía. Cando regresou a Roma, comezou o seu *cursus honorum*.
- ***In C. Verrem* (*Contra C. Verres* ou *Verrinas*; ano 70 a.C.):** Cicerón defendeu aos sicilianos de C. Verres, que se ocupaba da xestión da provincia de Sicilia, e acusouno de extorsión e

³ O estilo asiánico xurdira nas cidades gregas de Asia Menor e caracterizábase polo uso dunha linguaxe pomposa, na que abundaban os recursos estilísticos.

⁴ O estilo aticista era un estilo máis sinxelo, caracterizado polo uso de frases curtas e sen grandes artificios. Os aticistas defendían a imitación dos autores gregos clásicos (os que escribían en Atenas durante o s. V a.C.) e a pureza da linguaxe.

⁵ O estilo rodio naceu na illa grega de Rodas a partir do s. II a.C. É máis sobrio que o asiánico e menos conciso que o aticista. En Rodas formouse Cicerón.

de abusos de poder durante o seu mandato. Cicerón conseguiu que o gobernador fose desterrado.

- ***Pro lege Manilia (En defensa da Lei Manilia; 66 a.C.):*** Apoiaba a proposta de lei do tribuno Manilio para que se lle concedese a Pompeio o mando supremo das tropas romanas na guerra contra Mitrídates, rei do Ponto⁶.
- ***In L. Catilinam (Contra L. Catilina ou Catilinarias; 63 a.C.):*** Cicerón foi nomeado cónsul no ano 63 a.C. Mentres desempeñaba esta maxistratura, descubriu a conxura de Catilina: Catilina presentárase como candidato ao consulado o mesmo ano que Cicerón, pero non fora elixido. Ante tal situación, Catilina pretendía facerse co poder asasinando aos dous cónsules electos, pero Cicerón logrou esquivar aos asasinos enviados a súa casa para acabar coa súa vida, destapou a conxura e denunciou a Catilina ante o Senado. Pronunciou entón ante o Senado os catro discursos que conforman as súas famosas *Catilinarias*. O primeiro destes discursos foi pronunciado en presenza do propio Catilina. A actuación de Cicerón proporcionoulle unha gloria apoteósica e o apelativo de "pai da patria" (*pater patriae*). A participación neste xuízo, non obstante, acabou con Cicerón desterrado algo máis dun año en Dirraquio (na actual Albania), posto que foi acusado polos populares de actuación ilegal na condena a morte dos conxurados e os *optimates* (bando político do que era simpatizante) déronlle as costas.



Maccari, *Cicerón denunciando a Catilina ante o Senado* (1880)

⁶ O Ponto estendíase ao noroeste da actual península de Turquía.

- ***Pro Archia poeta* (En defensa do poeta Arquías; año 62 a.C.):** Neste discurso Cicerón tomou como pretexto a defensa do poeta grego Arquías, acusado de non ter o dereito de cidadanía romana, para facer un eloxio da cultura literaria, en xeral, e da poesía, en particular; pois, segundo Cicerón, as letras dignifican o espírito humano.

- **Discursos cesarianos:** Son un conxunto de discursos que Cicerón pronunciou ante o propio Xulio César durante a súa ditadura (69 a.C.-44 a.C.) e nos que defendía a personaxes que non tiñan unha boa relación co ditador ou que foran acusados de atentar contra el⁷.
Estes discursos son:
 - ***Pro Marcello* (En defensa de Marcelo)**
 - ***Pro Q. Ligario* (En defensa de Q. Ligario)**
 - ***Pro rege Deiotaro*⁸ (En defensa do rei Deiótaro).**

- ***In M. Antonium Orationes Philippicae*** (estes discursos son coñecidos como ***Filípicas***; ano 44 a.C.): Cando César foi asasinado, Marco Antonio intentou ocupar o seu posto. Pronunciou entón Cicerón ante o Senado as *Filípicas*, catorce discursos virulentos contra Marco Antonio, ao que Cicerón consideraba herdeiro, en certo modo, dos ideais e das ambicións de Xulio César, de tendencias ditatoriais e imperialistas. Para moitos foron as súas mellores pezas oratorias. Reciben este título por mor dos discursos de ton vehemente que Demóstenes (orador ateniense do s. IV a.C.) dirixiu contra Filipo II de Macedonia, a quen vía como unha ameaza para Atenas e para as polis gregas en xeral. Pouco despois de que Cicerón pronunciase as *Filípicas*, constituíase o segundo triunvirato do que Marco Antonio formaba parte. Este encargou a morte de Cicerón quen, ser ter tempo de executar a súa fuxida a Roma, foi asasinado nunha das súas vivendas. Cortáronlle a cabeza e as mans, coas que escribira as *Filípicas*, e estas partes do corpo foron expostas na rostra, a tribuna do foro desde a que falaban os oradores.

⁷ Recórdese que Cicerón viviu a guerra civil entre Pompeio e César (49-45 a.C.) e viu como César vencía e era declarado *dictator perpetuus* (ditador perpetuo) polo Senado, concentrando así nel gran poder e podendo causarlle serios problemas aos seus adversarios políticos ou a calquera que el considerara un perigo para os seus proxectos ou para el mesmo.

⁸ Rei de Galacia, unha rexión de Asia Menor (actualmente Turquía).

2.3. Obra retórica.

Cicerón é o máximo expoñente da oratoria e da retórica en Roma, é dicir, é o máximo expoñente do “falar ben” tanto no seu aspecto práctico como no teórico. Os discursos e os tratados de retórica de Cicerón teñen un valor literario innegable. Serviron de modelo para as escolas de retórica que proliferaron no século seguinte e formaron a humanistas e escritores de todas las épocas. Comentaremos a continuación os seus tres tratados sobre retórica:

De oratore (55 a.C.)

Esta obra ten forma de diálogo. Cicerón escribiuna nun momento no que Roma vivía unha gran decadencia tanto moral como política. Describe ao orador ideal e imaxínoa como un guía do Estado.

Cicerón afirma que ser un bo orador é unha tarefa difícil, porque un bo orador debe ter unha disposición natural para a elocuencia, ten que posuír amplos coñecementos de filosofía, dereito e historia, e dominar as regras esenciais da retórica. É nesta obra onde Cicerón fala amplamente das cinco partes do proceso de composición do discurso:

1. *Inventio*: é a procura dos argumentos e dos datos para a posterior elaboración do discurso.

2. *Dispositio*: é a distribución adecuada deses argumentos e datos. Unha correcta distribución lévanos a falar da estrutura do discurso. A máis habitual é:

- *Exordium*: é a introdución e contén a *captatio benevolentiae*, recurso retórico mediante o que se intenta atraer a atención e a boa disposición do auditorio.

- *Narratio*: é a presentación e exposición do asunto que se vai tratar.

- *Argumentatio*: é a exposición razoada das probas e argumentos (*probatio*), e a refutación dos argumentos da parte contraria ou das obxeccións tanto reais como ficticias (*refutatio*).

- *Peroratio*: é a conclusión, a parte final do discurso na que se busca conmover ao público ou aos xuíces para obter unha sentenza favorable.

3. *Elocutio*: consiste na correcta redacción do discurso e no seu embelecemento mediante recursos retóricos.

4. *Memoria*: é a fase de memorización do discurso.

5. *Actio*: é a posta en escena e a pronunciación do discurso, tendo en conta os xestos faciais, os movementos corporais, o ton de voz...

Brutus (46 a.C.)

Aquí Cicerón ofrece unha historia da oratoria romana e proporciona información valiosa sobre a oratoria romana anterior a el, sobre os oradores máis sobresaíntes e sobre as escolas en auxe naqueles tempos. Sen embargo, apenas coñecemos os discursos destes oradores.

Esta obra está escrita en forma de diálogo no que Bruto (amigo de Ático) e Ático (amigo de Cicerón) lle piden a Cicerón que describa as características de todos os principais oradores anteriores a el. Aínda que ten forma de diálogo, as intervencións de Bruto e de Ático son ocasionais. Antes de falar sobre os oradores, Cicerón fala das escolas ou modelos de elocuencia:

- A escola ática: tiña como modelo o estilo dos escritores de la época clásica de Atenas (s. V a.C.). Defendía un tipo de oratoria con oracións máis ben curtas e sen demasiados artificios nin excesivos adornos.

- A escola asiática: seguía o estilo da oratoria grega que aparecera nas cidades de Asia Menor. Caracterizábase por un estilo pomposo e exuberante, de oracións longas e cheas de recursos estilísticos.

- A escola rodia: inspirábase na retórica xurdida no s. II a.C. na illa grega de Rodas. Propoñía un estilo próximo ao asianismo, pero máis moderado, aínda que sen chegar a ser tan conciso como o aticista.

Orator (46 a.C.)

Neste tratado Cicerón ofrece o retrato do orador ideal, que é aquel que domina os tres estilos do discurso: o estilo elevado (*genus grande*), o estilo medio (*genus medium*) e o estilo humilde (*genus tenue*); e que os utiliza cando a ocasión o require. Cicerón establece unha relación entre cada un dos tres estilos e os obxectivos do discurso: o estilo humilde é para ensinar; o medio, para deleitar; e o elevado, para conmover. Nesta obra volve a repetir a visión do orador ideal que expuxera en *De oratore*.

Presentamos aquí un exemplo dun discurso de Cicerón. Trátase do inicio da primeira *Catilinaria*.

[1] ¿Hasta cuándo, Catilina, continuarás poniendo a prueba nuestra paciencia? ¿Cuánto más esa locura tuya seguirá burlándose de nosotros? ¿A qué fin se arrojará tu irrefrenable osadía? ¿Acaso nada te ha inquietado el destacamento nocturno del Palatino, nada la guardia de la ciudad, nada el temor del pueblo, nada la concurrencia de todos los hombres de bien, nada esta fortificadísima plaza que es el Senado, nada los labios y los rostros de todos los presentes? ¿No comprendes que tus planes se derrumban, no ves que ya tu conjura ha sido sofocada por el hecho mismo de que todos la conocen? ¿Quién de entre nosotros piensas que no sabe lo que has puesto en práctica la noche pasada y la anterior, dónde has estado, a quiénes has reunido y qué suerte de planes has ideado?

[2] ¡Oh tiempos, oh costumbres! El Senado conoce estas cosas, el cónsul las ve: éste, sin embargo, vive. ¿Vive? Si incluso viene al Senado, se hace partícipe de las deliberaciones públicas, fija su vista en cada uno de nosotros y decreta nuestro aniquilamiento. En cambio nosotros, decididos varones, juzgamos haber hecho suficiente por la República con lograr huir de sus dardos y su furia. Tiempo ha ya, Catilina, que se te debiera haber conducido a la muerte por orden del cónsul, que esa misma ruina que tú llevas maquinando contra nosotros desde hace mucho se hubiera vuelto en contra tuya.

[3] Un muy notable varón, Publio Escipión, pontífice máximo, dio muerte como particular a Tiberio Graco por haber insinuado siquiera el levantarse contra la República, ¿y nosotros, los cónsules, debemos soportar impertérritos a Catilina, que anhela devastar la tierra entera con incendios y matanzas? Prefiero obviar ejemplos antiguos, como el de Gayo Servilio Ahala, que dio muerte por su propia mano a Espurio Melio por intentar tímidas reformas. Hubo, sí, hubo en otro tiempo ese ejercicio de virtud en esta República, cuando los varones decididos castigaban por igual, con rigurosos tormentos, así al ciudadano pernicioso como al más enconado enemigo. Tenemos un justo y severo senadoconsulto contra ti, Catilina. No carece la República de deliberaciones ni autoridad entre estas gradas: nosotros, nosotros los cónsules (abiertamente lo digo) somos quienes carecemos de la iniciativa requerida